

## Transcripción

O arquivo histórico parroquial de San Pedro de Bandomil gárdase no Arquivo Histórico Diocesano de Santiago, onde se ofrece conxuntamente co de Santa María de Brandoñas, o seu anexo; dado o mal estado dunha parte dos mazos non a maior parte dos mais antigos non poden consultarse. Tampouco son accesibles aqueles que conteñen rexistros recentes, tal e como prescribe a lexislación vixente.

Este informe contén:

- Enumeración dos mazos, datas extremas e sinaturas
- Notas sobre o contido da caixa P004474
- Notas do contido da caixa P004475

## Mazos, datas extremas e sinaturas do Arquivo Parroquial, sección San Pedro de Bandomil

- Serie Libros Sacramentais (1761-1924)  
Bautizados. Datas: 1761-1924, sinaturas P004464-P004469  
Os dous libros mais antigos non poden consultarse polo seu mal estado  
Matrimonios. Datas 1852-1923, sinaturas P004470-P004471  
Defuntos. Datas: 1659-1923, sinaturas P004471-P004473
- Serie Administración Parroquial (1778-1912)  
Fábrica. Datas: 1778-1857; sinatura P004474  
Visitas. Datas: 1791-1828  
  
Fábrica. Datas: 1852-1889  
Visitas. Datas: 1865-1890  
Culto. Datas: 1890 e 1899\* sinatura P004475  
Visitas. Datas: 1893-1899\*  
Santísimo Sacramento. Datas: 1851-1912

\* Datos correspondentes ás freguesías de Bandomil e Brandoñas

- Inquilinato. Datas: 1877-1967 Sinatura: P004476  
Non consultable por rematar en datas recentes.  
Nota do catálogo: *Contiene desperfectos de 1858.*
- Serie Confrarías e Institucións Parroquiais  
Stmo. Sacramento e S. Miguel. Datas: 1778-1781  
Stmo. Sacramento. Datas: 1782-1851 sinatura P004477  
Stmo. Sacramento. Datas: 1912-1967 Sinatura P004478  
(non consultable por rematar en datas recentes)
- Serie Clero Parroquial  
Conferencias morais. Data: 1881-1951, sinatura P004479  
Non consultable por datas extremas

## **Mazos, datas extremas e sinaturas do Arquivo Parroquial, sección San Pedro de Brandomil e Santa María de Brandañas**

- Serie Libros Sacramentais  
Defuntos. Datas: 1652-1702, sinatura P004489.  
Non consultable por estar en mal estado de conservación
- Serie Administración Parroquial
  - Culto. Datas: 1899-1937, sinaturas P004490 a P004492  
Non consultables por data extrema
  - Culto e Fábrica. Datas: 1936-1966, sinatura P004493  
Non consultable por datas extremas
  - Libro de apeos, fundacións e *allanamientos*. Datas: 1775, sinatura P004493  
Non consultable por datas extremas
  - Libro de Veredas. Datas: 1825-1938, sinatura P004494  
Non consultable por datas extremas
- Serie Expedientes Matrimoniais  
Expedientes matrimoniais. Datas: 1849-2007, sinaturas P004495-P004498  
Non consultable por datas extremas
- Serie Documentación Solta  
1 mazo. Datas: 1769-1976, sinatura P004499.  
Non consultable por datas extremas. Consta no catálogo un resumo detallado; segundo el contén pagos de misas de fundación, inventarios de bens, papeis relacionados coa casa reitoral, sobre a erección do Viacrucis (1939), avisos varios, recibos, etc.
- Serie Libros Litúrxicos  
Missale Romanum Barcinone (1955)  
Non consultable por mala conservación

## **AHDS, Fondo da parroquia de San Pedro de Brandomil, P004474** (Visitas 1791-1828; Fábrica 1778-1851)

Contén asuntos referidos a Brandomil e Brandañas; está sen foliar.  
Son principalmente algunhas actas de visita e as contas anuais correspondentes á fabrica parroquial.

As últimas contas corresponden ao ano 1851, aínda que faltan algúns anos polo medio. A contabilidade da fábrica responde ás pautas habituais: ingresos -polo xeral os mesmos, consistentes en diversas cantidades de cereal e diñeiro- e gastos -maiormente pequenas reparacións no edificio, substitución de elementos consumibles como a cera-. Son presentadas polo mordomo da fábrica, que é un veciño designado cada ano para esa función.

Son pezas de especial interese:

**1790**

**Acta da visita do arcipreste de Céltigos, D. Juan Nepomuceno Varela, cura párroco de San Pedro de Santa Comba**

**1818-3-25 e días seguintes**

**Autos seguidos da revisión das contas das confrarías da freguesía de San Pedro de Bandomil**

*Yo, Don Pedro García, rector y cura párroco de San Pedro de Bandomil, concedo licencia y facultad al Padre Predicador Apostolico fr. Andres Fernandez Montenegro para erigir el Santo Viacrucis dentro de esta yglesia y para que conste lo firmo en mi casa rectoral a 25 de marzo del año 1818. Pedro García.*

Farase polo frade misioneiro segundo *El metodo y orden que se acostumbra.*

Na audiencia arcebispal presenta o párroco D. Pedro García unha petición para que se tomen e revisen as contas dadas nos últimos anos do seu antecesor D. Domingo Xerpe polos mordomos da fábrica parroquial e as confrarías. Seica advertiu nelas erros que pensa que deben ser revisados e subsanados.

O tribunal inicia un proceso e nomea ao cura párroco de Mazaricos para levar a cabo a revisión. Nela se conclúe que si existía tal desorde e foran recibidos a maiores 2363 reais e 29 mrs sen dereito polo anterior párroco así que deben ser repostos polos seus herdeiros.

Estas paxinas comprenden os autos relacionados con este asunto.

**1779**

**Contas tomadas ao mordomo Gregorio Anido**

De especial interese por conter algúns gastos de relevancia no edificio.

*quantas que se tomaron a Gregorio Anido, maiordomo que fui de la fabrica de esta yglesia de San Pedro de Bandomil el año pasado de mil sietecientos y setenta y ocho, que fenecio en el de setenta y nueve, dejando por su subçesor a Manuel Regueira*

Fóronlle tomadas na casa reitoral de Bandomil.

Compútanse como ingresos (cargos):

24 reais de renda que ten D. Fernando de Laxe (da casa da Serra)

201 reais e 6 marabedís que deu o antecesor

30 rs de sepulturas de Andrés de Antelo e Antonio de Oreiro

602 rs e medio de 6 ferrados de trigo de renda que ten a fábrica

801 rs 19 mrs que deu o mordomo da confraría do Santísimo para a obra da igrexa

Compútanse como gastos (descargos):

48 rs de encaixes que mercou para a alba da igrexa  
36 rs e medio para uns candeeiros para o altar maior  
21 rs para cal que se trouxo para a igrexa  
24 rs para un pouco de aceite para a luminaria  
11 rs para tellado da sancristía e igrexa  
121 para os *paus que binieron de Albite para los rayos del simbria del arco toral del coro de la iglesia.*  
10 rs de madeira para a igrexa  
15 rs carpinteiros *que ajustaron los arios de la simbria*  
20 rs custe de este libro de contas  
22 rs una vidreira  
22 rs e medio *por unas piedras de canteria y portales echos para la casa nueva que se hizo para la fabrica*

### **1828-7, San Pedro de Cícere**

**Acta da visita feita ao arceprelado e as suas parroquias polo arcebispo D. Rafael Velez. Recoñeceu as contas da fabrica.**

AHDS, Fondo da parroquia de San Pedro de Brandomil, P004474 (Visitas 1791-1828; Fábrica 1778-1851), fol. sen numerar

### **1852-1912**

#### **Libro parroquial da freguesía de San Pedro de Brandomil (P004475)**

Un único volume que contén: Fábrica. Datas: 1852-1889; Visitas. Datas: 1865-1890; Culto. Datas: 1890 e 1899; Visitas. Datas: 1893-1899; Santísimo Sacramento. Datas: 1851-1912

A primeira parte son as contas da fábrica parroquial recollidas anualmente segundo as presentaron os respectivos mordomos e mordomas. Os gastos son polo xeral repetitivos: arranxos pequenos na igrexa, reposición de subministros (cera, óleos), repintado das imaxes e andas, músicos e cregos para as festas, reposición do tellado, caleado dos muros, composición do chan e das tumbas, reparación dos ornamentos, limpeza dos panos... de cando en vez investimentos mais importantes como reconstrución do artesanado do coro, instalación dunha vidreira; puntualmente adquisición de novos ornamentos ou panos.

A partir de 1868 estas contas serán presentadas polo párroco e atinxirán só aos gastos do culto; irán en común coas de Brandoñas. Os items de gasto son basicamente os mesmos.

A parte dedicada á confraría do Santísimo contén tamén contas. Os gastos principais son os mesmos: pago de misas de defuntos, funcións litúrxicas de Xoves e Venres Santo, cera e función do Santísimo (fogos, música e sacerdotes). Os ingresos son cantidades de cereal e cantidades de diñeiro achegadas polos confrades.

Hai actas dalgunhas visitas pastorais intercaladas nas outras temáticas; a mais interesante é a correspondente á que fixo Miguel García Cuesta, cardeal arcebispo de Santiago o 24 de maio de 1865.

